



Instrución 5/2019, do 21 de maio, da Secretaría Xeral de Universidades para iniciar o procedemento de avaliación dos Centros Singulares de Investigación e Agrupacións Estratéxicas Consolidadas (convocatoria do ano 2016).

A Orde do 11 de agosto de 2016 (DOG número 164, do 31 de agosto de 2016), establece as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do SUG, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

No artigo 19 da Orde regúlase que se realizará unha avaliación final da axuda ao rematar a mesma e que nesta terase en conta, entre outros criterios, os indicadores que figuran na memoria descritiva da solicitude.

Esta avaliación se realizará a partir da documentación que se lle requirirá ás universidades que son perceptoras das axudas reguladas por esta Orde.

De acordo co Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuír á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

En consecuencia, no uso das competencias que teño atribuídas como secretario xeral de Universidades, dito a seguinte instrución:

1. Iniciar o procedemento que permita a avaliación, establecida no artigo 19 da Orde do 11 de agosto de 2016, dos centros singulares de investigación e agrupacións estratéxicas consolidadas que sexan perceptoras desta axuda.

2. A avaliación levarase a cabo (baixo os principios xerais de obxectividade, independencia e calidade das avaliacións) por expertos de fóra do SUG, para o que se poderá contar coa colaboración da Axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación facilitada polas universidades interesadas e de acordo cos criterios e documentación sinalados nos puntos 4 e 5 desta instrución.

3. Requirirlles ás universidades beneficiarias a documentación necesaria para a avaliación do programa, na que se reflectirán os datos necesarios para avaliar o conxunto da traxectoria científico-tecnolóxica dos centros singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas. Esta documentación, dirixida á Secretaría Xeral de Universidades, deberá ser presentada polas universidades a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, por medio do procedemento PR004A. A documentación terá que remitirse antes do 18 de xuño de 2019.

4. A documentación terá que abranger os seguintes aspectos:

- 4.1.- Memoria de avaliación: informe de carácter sintético e analítico no que se realiza unha valoración da evolución da unidade no período destacando os principais fitos, as limitacións atopadas para desenvolver o plan previsto





na solicitude e os retos cara ao futuro. A estrutura obrigatoria de contidos proposta para esta memoria atópase na web <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/19817>.

Engádese un anexo documental có obxecto de que se inclúan as evidencias que avalan os fitos e resultados do período que se indican na memoria.

- 4.2.- Cadros de indicadores: folia de cálculo coa actualización dos indicadores incluídos na solicitude. Cada centro e agrupación recibirá un arquivo cos indicadores estimados na solicitude e soamente incluírá a información relativa aos resultados acadados no período.

O período de avaliación abrangue desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o momento actual, polo que nas valoracións realizadas e as referencias aportadas documentalmente poderán incluír resultados obtidos ata a data de presentación da documentación.

5. A avaliación que desenvolva o panel de expertos será de carácter cualitativo atendendo ao desempeño das unidades durante o período de execución da axuda. Como resultado do informe do panel emitirase unha cualificación de acordo coas seguintes categorías:

- A: Excelente
- B: Adecuada
- C: Mellorable
- D: Deficiente

Nas categorías B e C o panel poderá asignar unha cualificación de “+” (máis) ou “-” (menos) para un mellor escalado da avaliación.

6. Considerarase superada a avaliación cando a proposta obteña as cualificacións A, B ou C. Unha cualificación de D, en función das causas que a teñan motivado segundo a avaliación externa, poderá determinar a obriga da devolución parcial ou total dos fondos, de acordo co previsto no artigo 24 da Orde de convocatoria. Estas cualificacións poderanse empregar pola Secretaría Xeral de Universidades para priorizar programas futuros.

Santiago de Compostela
O secretario xeral de Universidades
José Alberto Díez de Castro

